



CONCELLO DE REDONDELA

**Expediente núm.: 6165/2022.**

**Asunto: Selección persoal Plan concellos para a activación do emprego (Liña 3, Plan Concellos 2023).**

**ANUNCIO PUBLICACIÓN CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN, DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE 1 TRABALLADOR/A SOCIAL DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2023-LIÑA 3) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Sendo ás 10:00 horas do 20 de marzo de 2023 reúnense de forma telemática, a través da aplicación de "Videoconferencia" do programa xestor de expedientes "Gestiona", as cinco persoas convocadas pola alcaldesa que compoñen o Tribunal cualificador do proceso selectivo para unha praza de traballador/a social dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2023, liña 3) da Deputación de Pontevedra e acorda, en aplicación do establecido na Base Quinta das bases reguladoras da presente selección:

**A.** Segundo a Resolución de Alcaldía núm 2023-0714 de data 16 de marzo de 2023, convocar a todas as persoas aspirantes para a realización da proba práctica para o venres 24 de marzo ás 10:00 horas, no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira s/n.

**B.** As persoas aspirantes terán unha hora para o desenvolvemento da proba práctica en relación cos temas establecidos na Base Séptima (Sistema de selección: A) Fase de oposición: Traballador/a social, e posteriormente realizarán a lectura da mesma diante do tribunal nesa mesma xornada.

**C. Establecer como criterios xerais de valoración da proba:**

- 1º. Claridade, calidade e concreción na exposición escrita e na posterior lectura (2,5 puntos).
- 2º. Aplicación da normativa na realización da proba práctica (2,5 puntos).
- 3º. Coñecemento dos recursos propios da área para a realización da proba práctica (2,5 puntos).
- 4º. Propostas de resolución da proba práctica (2,5 puntos)





**D.** Non se poderá acudir á proba práctica con ningún tipo de material (folios, textos legais, apuntamentos, etc), nin dispositivos electrónicos (móviles, tablets ou similares,etc)

**E.** Deberase ir provista/o de DNI, máscaras e bolígrafos.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión, sendo ás 10:15 horas da data fixada no encabezamento, de todo o que, como Secretaria do Tribunal, dou fe.

**Documento asinado e datado electronicamente á marxe**

